



| Teaching Guide | | | | |
|---------------------|--|--------|-----------------------|---------|
| Identifying Data | | | | 2019/20 |
| Subject (*) | Practicum | Code | 616G01045 | |
| Study programme | Grao en Comunicación Audiovisual | | | |
| Descriptors | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits |
| Graduate | 2nd four-month period | Fourth | Optional | 6 |
| Language | Spanish | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | |
| Prerequisites | | | | |
| Department | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | |
| Coordinador | Piñeiro Otero, María Teresa | E-mail | teresa.pineiro@udc.es | |
| Lecturers | Piñeiro Otero, María Teresa | E-mail | teresa.pineiro@udc.es | |
| Web | | | | |
| General description | O desenvolvemento de prácticas en entidades externas supón unha oportunidade para que @s futur@s graduad@s en Comunicación Audiovisual entren en contacto coa realidade laboral e adquiran habilidades dirixidas ao ámbito profesional. En busca de dotar ao alumnado de Comunicación Audiovisual dunha formación práctica, complementaria á académica, que lles permita desenvolver as competencias adquiridas ao longo da súa formación universitaria, téñense incorporado diras prácticas externas como materia optativa no Plano de Estudos. | | | |

| Study programme competences / results | |
|---------------------------------------|--|
| Code | Study programme competences / results |
| A1 | Comunicar mensaxes audiovisuais. |
| A2 | Crear produtos audiovisuais. |
| A3 | Xestionar proxectos audiovisuais. |
| A4 | Investigar e analizar a comunicación audiovisual. |
| A5 | Coñecer as teorías e a historia da comunicación audiovisual. |
| A6 | Coñecer o sector audiovisual: a oferta e as audiencias. |
| A7 | Coñecer as técnicas de creación e produción audiovisual. |
| A8 | Coñecer a tecnoloxía audiovisual. |
| A9 | Coñecer os modelos de xestión. |
| A10 | Coñecer o marco legal e deontolóxico. |
| A11 | Coñecer as metodoloxías de investigación e análise. |
| A12 | Coñecer os principais códigos da mensaxe audiovisual. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan amosarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que acheguen unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B6 | Expresarse correctamente tanto de xeito oral como escrito en linguas oficiais da comunidade autónoma |
| B7 | |
| B8 | Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| B9 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprimir solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| C1 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C2 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C3 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C4 | Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |



| Learning outcomes | | | |
|--|---|--|----------|
| Learning outcomes | Study programme competences / results | | |
| Habilidade para o uso e control de ferramentas tecnolóxicas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais e multimedia nas súas diferentes fases. | A1 A2 A3 A7 A8 | B8 | C3 |
| Capacidade para deseñar, definir, completar proxectos audiovisuais e multimedia, así como para desenvolver problemas que poidan xurdir no desenvolvemento dos mesmo dun xeito eficaz. | A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 | B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 | C2 C3 |
| Habilidade para deseñar e xestionar estratexias de comunicación on e offline, tanto de xeito individual como en grupo, adaptándose ás diferentes plataformas e a súa linguaxe-forma. | A1 A2 A3 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 | B3 B6 | C1 C4 |
| Capacidade de traballo en equipo e de facer partícipes ao equipo de posibles ideas destinadas á mellora do proxecto común para obter uns resultados determinados. | | B2 B4 B6 B9 | |
| Mellora das habilidades de organización e temporalización das tarefas e procedimentos, que leven a unha xestión máis eficiente do proxecto e dos recursos asociados a éste de xeito que calquera variación respecto á planificación se efectúe dun xeito completo e integrado. | A9 A11 | B2 B3 B9 | |

| Contents | |
|---|---|
| Topic | Sub-topic |
| 1. Desenvolvemento das competencias adquiridas nas diversas materias do grao. | Os coñecementos postos en práctica variarán en función da entidade ofertante, así como do área ao que esté adscrito o/ a estudante. |

| Planning | | | | |
|-----------------------|------------------------|--------------------------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies / Results | Teaching hours (in-person & virtual) | Student?s personal work hours | Total hours |
| Student portfolio | A4 A8 A9 B3 B4 B6 | 5 | 0 | 5 |



| | | | | |
|---|--|-----|---|-----|
| Simulation | A1 A2 A3 A5 A6 A7 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4 | 140 | 0 | 140 |
| Personalized attention | | 5 | 0 | 5 |
| (*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students. | | | | |

| Methodologies | |
|-------------------|--|
| Methodologies | Description |
| Student portfolio | Informe da actividade desenvolvida durante as prácticas preprofesionais. A súa estrutura e orientación, en función da tarefa desenvolvida e a entidade de destino, será tratado nas xuntanzas periódicas coa titora do centro. |



Simulation

· REQUERIMENTOS

Estar matriculad@, ou en condicións de facelo, na materia de "Prácticas".

· EMPRESAS COLABORADORAS

Dende setembro de 2019 a febreiro de 2020 daranse a coñecer, polas vías establecidas pola Facultade, aquelas prazas de prácticas que ofertan as entidades colaboradoras. Ditas ofertas incorporarán toda aquela información que poida resultar de interese para o alumnado solicitante: entidade ofertante, perfil da oferta, período de execución, horario, tipo de xornada semanal, se existe algún tipo de remuneración, etc.

Cada empresa pode determinar as súas condicións para a oferta de prácticas, sendo preciso desenvolver un mínimo de 150 horas para superar a materia.

Como parte do programa de aprendizaxe e servizo da UDC as persoas interesadas poderán facer prácticas en entidades sen ánimo de lucro, coas que a Universidade ten convenio, desenvolvendo tarefas estreitamente vinculadas á comunicación audiovisual -no seu sentido máis amplo- e as competencias profesionais do Grao. Ditas entidades así como o perfil de prácticas que ofertan daranse a coñecer na xuntanza inicial, na que se explicará o funcionamento da materia Prácticas, e a través de Moodle.

Á marxe destas ofertas, o estudante pode solicitar o desenvolvemento de prácticas en entidades coas que a Universidade non ten establecido convenios. Neste caso, unha vez valorada a idoneidade da empresa proposta pola Comisión con competencias na materia, procederase á xestión do Convenio de Cooperación Educativa para que o estudante poda desenvolver unha estada de prácticas en dita entidade.

· PROCESO DE SOLICITUDE E SELECCIÓN DE PRÁCTICAS.

Cada oferta de prácticas levará incorporada una data límite de presentación de candidaturas.

Rematado o prazo, inciarase o proceso de selección segundo estipule cada oferta de prácticas.

· Selección pola Facultade.

Documentación da solicitude: copia simple do expediente académico, curriculum vitae e documentos acreditativos dos méritos alegados neste (diplomas de cursos, vida laboral, etc.) Sistema de selección: unha Comisión avaliará as candidaturas atendendo a criterios de excelencia académica.

· Selección pola entidade concreta.

Documentación da solicitude: copia simple do expediente académico e curriculum vitae.

Sistema de selección: preselección da Facultad coa fin de comprobar o cumprimento dos requirimentos mínimos para as prácticas curriculares e selección por parte da entidade.

Neste caso, será a empresa quen estipule o sistema de selección (a través do curriculum vitae, entrevista persoal cos candidatos, proba de selección, etc.), reservándose o dereito de convocar soamente a aqueles candidatos que se axusten ao perfil requerido.

Con independencia do sistema de selección darase preferencia ao alumnado que non teña efectuado outras prácticas xestionadas por la Universidade, salvo que éstas no tiveran a duración precisa para o recoñecemento da materia.

· ADXUDICACIÓN DE PRÁCTICAS.

Unha vez rematado o proceso de selección, comunicarase ao candidato/a a súa condición de beneficiario de ditas prácticas sendo excluído automaticamente doutros procesos de selección en marcha.

Despois de comunicar a adxudicación, procederase á xestión de toda a documentación precisa para as prácticas. Asemade, aqueles estudantes que non estean maticulados na materia deberán formalizala e presentar un documento xustificativo antes do comezo das prácticas.



As prazas que queden desertas voltarán a ser ofertadas entre o alumnado matriculado e adxudicadas en función das súas preferencias.

@s alumn@s matriculad@s que non cheguen a ser beneficiarios dunha estadía de prácticas, terán ata febreiro de 2020 para efectuar unha solicitude de cambio de matrícula para outra materia optativa.

· RECOÑECIMIENTO

O alumnado que durante o verán de 2019 efectuou una estadía de prácticas grazas a Convenios de Cooperación Educativa entre a Universidade da Coruña (a nome da Facultade de Ciencias da Comunicación)-Entidade poderán solicitar o recoñecemento de dito período como prácticas curriculares equivalentes á materia "Prácticas".

Para elo deben cumprirse los siguientes requerimentos:

- Que o/a estudante teña efectuado a matrícula na materia "Prácticas".
- Que a estadía de prácticas teña sido igual ou superior a 150h.
- Que o/ a alumno/a teña unha valoración positiva das prácticas por parte do titor da entidade.
- Que o/a alumno/a entregue en tempo e forma o correspondente portafolio, cuxa orientación e valoración correrá a cargo da titora do centro.

En calquera caso será a Comisión correspondente quen determine se, finalmente, terá lugar o recoñecemento de ditas prácticas extracurriculares como curriculares.



Personalized attention

| Methodologies | Description |
|---------------------------------|--|
| Simulation Student portfolio | <p>· TITORÍA</p> <p>Durante todo o período de prácticas o estudante contará con un titor da empresa, quen se encargará de velar polo seu aprendizaxe e orientar o estudnate no desenvolvemento das súas labores, resolvendo todas as súas dúbidas e/ou problemas. Tamén contará cunha titora interna (da Facultade) coa que o estudante deberá reunirse para a xestión das súas prácticas e, posteriormente, se encargará do seguimento do estudante no seu destino de prácticas.</p> <p>En función do posto desempregado e a entidade de destino concertaranse unhas titorías periódicas (presenciais e/ou virtuais) para que o estudante informe a titora da súa evolución na empresa.</p> |

Assessment

| Methodologies | Competencies / Results | Description | Qualification |
|-------------------|--|--|---------------|
| Simulation | A1 A2 A3 A5 A6 A7 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4 | <p>O titor da empresa levará a cabo unha memoria final na que valore as competencias adquiridas polo alumno durante as prácticas, puntuando cunha nota numérica (de 0 a 10) o grao de satisfacción das mesmas.</p> <p>No caso de que o titor non indique unha nota numérica, a nota da simulación de prácticas fixarase a partir da valoración das competencias adquiridas.</p> | 70 |
| Student portfolio | A4 A8 A9 B3 B4 B6 | <p>Deberase entregar un portafolio final con toda a información sobre as prácticas desempregadas. Este instrumento permitirá ao titor interno coñecer o grao de profesionalización do coñecemento teórico acadado polo alumno durante o seu período de prácticas a través do aprendizaxe.</p> <p>Este portafolio será valorado pola titora de prácticas da facultade, ata un total de 3 puntos.</p> <p>A estrutura e orientación de dito traballo serán fixadas previamente nunha titoría coa titora de prácticas da Facultade, quen fará o seguimento do mesmo.</p> | 30 |

Assessment comments



Para aprobar a materia cómpre ter aprobadas ambas partes, portafolio e simulación, no caso contrario podería recuperarse a parte "portafolio" na convocatoria extraordinaria de setembro.

Para ser avaliados en convocatoria de xuño cómpre que o alumnado teña finalizado o período de prácticas e entregado o portafolio na data oficial do exame. Se non fose así, constaríalle como non presentada a convocatoria de xuño deixando a cualificación para a convocatoria de setembro.

Todas as memorias presentadas deben pasar por un proceso previo de seguemento-revisión por parte da titora da Facultade. Este seguemento-revisión de memorias rematará unha semana antes da data oficial de exame, excepto naqueles casos nos que o final da estadia de prácticas non o permita.

O abandono das prácticas sen causa xustificada, con independencia do número de horas efectuadas, suporá un suspenso na simulación e -por tanto- na materia.

No caso de que este abandono estea xustificado, corresponderá á Comisión valorar a situación coa documentación médica ou legal necesaria.

Ademais da súa estrutura e contido, na avaliación do portafolio terase tamén en conta a súa presentación, redacción e corrección ortográfica.

Calquera memoria-portafolio que conte cun fragmento superior a unha frase copiado será anulado, co consecuente suspenso de la materia.

Sources of information

| | |
|----------------------|---|
| Basic | Como cada estadia de prácticas ten o seu propio perfil. Recoméndase ao alumno acudir á bibliografía das materias relacionadas coas labores profesionais que desenvolve. En calquera caso calquera cuestión nesta liña será solventada nas titorías periódicas. Respecto á información concreta da materia Prácticas empregárase Moodle como canle de interacción entre o estudiantado e a profesora responsable da materia. |
| Complementary | |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Recoméndase que o alumno teña cursado e superado todas ou case todas as materias da titulación, especialmente aquelas que teñan relación directa coa praza de prácticas e as labores asignadas a ésta. En cualquier caso cualquier cuestión en esta liña será solventada en las tutorías periódicas.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.